

❖ Condición de familia monoparental

Lembramos que desde febreiro de 2021 está en vigor unha nova definición de familia monoparental, regulada no artigo 13ª da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, modificado pola disposición derradeira terceira da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia:

1. Para os efectos desta lei, enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou as fillas ao seu cargo, nos seguintes supostos:

- a) Os homes ou as mulleres que afrontan a paternidade ou a maternidade en solitario.
- b) As familias formadas por unha ou un cónxuxe viúvo e os fillos e fillas.
- c) As familias formadas por un pai ou nai que queda a cargo das fillas e fillos sen que haxa custodia compartida.

2. Para os efectos previstos neste artigo, teñen a mesma consideración que o fillo ou a filla:

- a) As persoas unidas ao único proxenitor ou proxenitora por razón de tutela ou acollemento.
- b) O concibido ou a concibida, sempre que mediante a aplicación desta asimilación se obteña maior beneficio.”

Para acreditar a condición de familia monoparental será necesario a **CERTIFICACIÓN DE RECOÑECIMIENTO** da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social, ou pola autoridade competente doutras administracións públicas.

❖ Consideración vítima de xénero.

Documentación xustificativa da condición de vítima de violencia de xénero de acordo co artigo 5 da Lei 11/2007, do 7 de xuño, galega para a prevención e o tratamento integral de violencia de xénero.

❖ Consideración vítima de terrorismo.

Certificación de acordo coa lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo.



A Coruña, a 17 de febreiro de 2023.